



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO
AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA



De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro de 2024) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, (DOG do 9 de agosto), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS, NAIS OU TITORES DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 16 do Decreto 189/2010, do 11 de novembro de 2010 (DOG do 19 de setembro de 2024), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 pais/nais ou titores legais, dun total de 2** que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos os pais e nais, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado na EOI de Lugo e/ou na Extensión de Sarria ata o 22 de outubro ás 11.00 h. Este alumnado estará incluído no censo correspondente que a partir do día da data desta convocatoria se pode consultar **no taboleiro de anuncios do Centro. As reclamacións ao referido** censo realizaranse mediante escrito razoado presentado por rexistro na Secretaría do Centro e dirixido á Xunta Electoral, **ata o día 4 de novembro.**

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na conserxaría ou Secretaría do Centro e que se presentará mediante rexistro na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas dende as **09.00 h do 23 de outubro ata as 11.00 h do 5 de novembro.** Proclamaranse as candidaturas o día 5 de novembro ás **12.00 h.**

Contra o acordo de proclamación de candidaturas poderase **reclamar ata as 12.30 h do día 7 de novembro,** este incluído, mediante escrito razoado presentado por rexistro na Secretaría do Centro e dirixido á Xunta Electoral.

4.- **O sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público baixo a supervisión da Xunta Electoral, entre os pais/nais ou titores do alumnado que non se presenten como candidatos/as, **o día 11 de novembro, ás 16.00 h.**

Esta mesa electoral estará composta polo director do Centro, que actuará como presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a o/a de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá **dende o 12 ao 20 de novembro,** ambos os días incluídos. As dependencias e servizos do Centro estarán á disposición das persoas candidatas, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non



altere o normal funcionamento educativo da Escola. O día 21 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou tutores legais do alumnado matriculado no Centro que estean avalados/as, cando menos, pola sinatura de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse nesta Escola Oficial de Idiomas **o día 22 de novembro, das 16.00 h ás 17.00 h. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público ás 15.45 h** no salón de actos da Escola Oficial de Idiomas de Lugo.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **1 nome** das persoas candidatas, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, por medio de DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor e titora legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 22 de outubro de 2024

O presidente da Xunta Electoral

Fernando Vázquez López

